



22.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Artigo 1. Obxecto

Esta Ordenanza dítase ao abeiro do disposto no artigo 59 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co obxecto de recoller tódas as especificacións e singularidades que non son recollidas nin neste texto legal nin na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público locais (en diante OX) deste Concello.

Artigo 2. Normas sobre a xestión do imposto

Todo o relativo á xestión específica deste tributo aterase ao disposto no artigo 24 da OX do Concello do Carballiño, así como nos restantes artigos altas nos rexistros, notificacións administrativas, procedemento de revisión, suspensión do procedemento, devolución de ingresos indebidos, xestión recadatoria e inspección, infraccións e sancións, así como na normativa legal vixente.

En concreto para esta taxa, se especifican as regulacións seguintes:

Artigo 2.1. Feito imponible

Está constituído pola realización, dentro do termo municipal do Carballiño, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, sempre que a súa expedición corresponda ao Concello do Carballiño, segundo as particularidades do artigo 24.2 da OX.

Artigo 2.2. Suxeito pasivos, substitutos do contribuíntes e responsables do feito imponible.

Os suxeitos pasivos contribuíntes e suxeitos pasivos substitutos do suxeito pasivo serán aquelas persoas que veñen reguladas no artigo 24.6 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e demais ingresos de dereito público locais.

Serán responsables desta taxa aquelas persoas segundo o que establece a citada ordenanza xeral no seu Capítulo II, da Subsección II da Sección IV

Artigo 2.3 Base imponible

Tomarase como base imponible do imposto a regulada no artigo 24.7 da OX.

Artigo 3. Cota e dereito a percibir.

3.1.- A cota deste imposto será o resultado de aplicar a base imponible (coste de execución material da obra) o tipo de gravame do 2,15%:

3. 2.- Establécense como cotas mínimas as seguintes:



- 3.2.1.- por obras menores de casetas, alpendres, cobertizos ou similar ata 25 m²: 51,75 €.
- 3.2.2.- por obras menores de casetas, alpendres, cobertizos ou similar de máis de 25 m²: 104,15 €.
- 3.2.3.- por obras de pechamento de postes de cemento ou similar e arame, incluso zapatas de cimentación illadas: 0,20 euros/ml e un mínimo de 51,75 €.
- 3.2.4.- por obra de muros de bloques ou similar: 0,6 euros/ml e un mínimo de 51,75 €
- 3.2.5.- por obra de muros de cantería, sillería, formigón armado ou similar: 1 euros/ml e un mínimo de 51,75 €.
- 3.2.6.- m² de formación de acceso a parcela, incluída canalización: 10€/ m², e un mínimo de 51,75 €
- 3.2.7.- acometida á rede de augas: 36,55 €.
- 3.2.8.- acometida á rede de sumidoiros: 36,55 €.
- 3.2.9.- por construción de piscina/estanque:
 - ata 10m²80€
 - de 11m² ata 30m².....150 €
 - de 31m² ata 40 m².....200€
- 3.2.10.- Rótulo: 60€.
- 3.2.11.- Ud de pozo de auga: 70€.
- 3.2.12.- Ud de fosa séptica: 60€.
- 3.2.13.- Ud de reforma de baño: 51,75€.
- 3.2.14.- Ud de reforma de cociña: 65€
- 3.2.15.- Por outras obras menores de reforma ou reparación en edificacións ou construcións existentes mínimo: 51,75€

Estas cotas mínimas serán de aplicación cando as cotas resultantes con arranxo ao apartado primeiro deste artigo sexan inferiores ás fixadas como mínimas.

3.3.- Establécese o seguinte Anexo I para o cálculo do orzamento de execución material de obras:

ANEXO I

- 3.3.1.- m² de material de cubrición:
 - .-Tella ou lousa: 25€/ m²
 - .-Panel sándwich: 32€/ m²
- 3.3.2.-ml de canlóns: 22€/m; baixante: 16€/m.
- 3.3.3.- m² Revestimento en paredes laterais e fachadas con chapa, panel tipo sándwich ou similar: 25€/ m²
- 3.3.4.- m² aplacado en paredes exteriores:
 - .- Pedra,mármore ou similar: 45€/ m²
 - .-Monocapa ou similar:18€/ m²
- 3.3.5.- Ud de peldaño (tabica e huella) en escaleira: 25€/Ud
- 3.3.6.- m² de varanda ou rexa: 25€/ m²
- 3.3.7.- m² de soleira de formigón: 22€/ m².
- 3.3.8.- m² de baldosa/terrazo ou gres: 15€
- 3.3.9.- m² de carpintería exterior en edificación: 195€/ m².
- 3.3.10.- m² de limpeza de fachadas con auga a presión: 7€/ m².
- 3.3.11.- m² de cintado ou rexuntado en paredes: 12€/ m².



3.3.12.- m² de impermeabilización de terrazas ou paredes, incluso limpeza previa:
23€/ m².

3.3.13.- m² de pintura exteriores: 8€/ m².

Artigo 4. Devengo e Momento de pagamento:

1. O devengo do imposto ven regulado no artigo 24.9 da OX.
2. O momento de pagamento da liquidación provisional a conta do imposto practicarase cando se conceda a licenza preceptiva.

Artigo 5. Bonificacións.

O réxime de bonificacións ven regulado no artigo 24.5 da Ordenanza xeral, conforme ao disposto no artigo 103.2 do RDL 2/2004.

Disposición Final. Entrada en vigor e comenzo de aplicación da ordenanza.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer o día un de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

- Aprobación provisional:

-- sesión do Pleno: 29/09/2016

-- publicación:

*** BOP nº. 230 do 05/10/2016**

*** Diario "La Región" do 01/10/2016**

- Aprobación definitiva:

-- modificación do artigo 3 (Cota e dereito a percibir) e da Disposición Final.

-- sesión do Pleno: 01/12/2016

-- publicación:

*** BOP nº. 283 do 12/12/2016**

*** Diario "La Región" do 12/12/2016**

-- entrada en vigor: 01/01/2017